

III Certame de Poesia Aurelio Aguirre 2005



BASES

O premio será de **300 euros** e as bases do CERTAME recóllense a seguir:

- 1.** Ter máis de 14 anos e residir na Comunidade Autónoma Galega.
- 2.** O tema será libre. Só se pide que os poemas sexan orixinais e inéditos.
- 3.** Poderanse presentar indistintamente en lingua galega ou castelá.
- 4.** A extensión non poderá ser menor de 50 versos nin excederá dos 100. Só se poderá presentar un traballo por persoa.
- 5.** Os traballos presentaranse mecanografados a dous espazos e por unha soa cara, en Din A4 debidamente grampados, cosidos ou encadernados.
- 6.** Os poemas irán nun sobre pechado no que figurará de forma destacada: III CERTAME DE POESÍA AURELIO AGUIRRE e o título da obra; dentro deste irá outro sobre pechado co título da obra escrito por fóra e no que se introducirán os datos do/a autor/a (nome, apelidos, enderezo e teléfono, así como unha fotocopia do DNI). Nin nos traballos nin no sobre figurará ningún elemento que permita identificar ao/á autor/a.
- 7.** O prazo de presentación dos traballos conclúe o 30 de decembro de 2005 e deberanse entregar no Rexistro Xeral do Concello de San-

tiago (Rúa Presidente Salvador Allende, nº4).

- 8.** O xurado estará composto pola Concellería Delegada de Centros Socioculturais, tres técnicos e un escritor. A decisión do xurado con respecto ao/á gañador e inapelábel.
- 9.** A decisión do xurado darase a coñecer antes de Marzo do 2005. Farase entrega dunha acreditación do premio acadado no acto de entrega de premios.
- 10.** Non se devolverán os orixinais nin as copias, aínda que se poderán recoller na Biblioteca do CSC de Vite ata un mes despois da entrega de premios.
- 11.** O departamento de Centros Socioculturais poderá publicar os relatos e poesías gañadores, sen que isto implique privación ningunha dos dereitos de autor para a súa publicación posterior.
- 12.** O premio poderá ser considerado deserto polo xurado en caso de non acadar o nivel de participación ou de calidade esperado. Nese caso darase un premio simbólico ao mellor traballo.
- 13.** Máis información no Centro Sociocultural "Aurelio Aguirre" de Conxo.
Teléfono: **981 528 740** e no correo electrónico **bibliotecacsc@aytocompostela.es**
- 14.** A participación no concurso supón a aceptación das súas bases.